

1. Introducción

O presente proxecto nace da constatación de que, ás veces, o máis próximo é o que menos coñecemos ou o que menos aproveitamos. O noso instituto, Lauro Olmo, localízase na vila do Barco de Valdeorras, núcleo semiurbano que ten como un dos seus maiores atractivos un contorno natural, accesible, de gran valor. De feito, encontrámonos ao lado das serras de Trevinca e da Enciña da Lastra, ambas consideradas parque natural. Igualmente, están moi próximas as serras do Courel e dos Ancares, así como espazos catalogados como Patrimonio da Humanidade, tal é o caso das Médulas, xa na comunidade de Castela e León.

Este proxecto ten como obxectivo fundamental pór en valor este patrimonio natural e cultural que conforma a identidade galega, o templo do que Novoneyra falaba nos seus poemas, así como o de recuperar os nomes da realidade que unha vida urbana cada vez máis centrada no desenvolvemento fai que se esqueza o valiosísimo patrimonio paisaxístico, natural e cultural que nos é propio. Onde se sitúa a lingua nesta reflexión? Cremos que a lingua, como a natureza, funcionan como elementos de identificación identitaria de primeira magnitude.

Levamos nomeando a natureza séculos e, porén, pérdense os nomes dos lugares, recoñecemos mal os nomes das árbores, as plantas, os animais que habitan as ribeiras dos ríos, a montaña, os costumes asociados aos ciclos naturais... O que pretendemos é harmonizar a lingua coa natureza, recuperar historias, nomes, conservar o medio, aprender a valoralo, coñecer os

tipos de poboamentos, de árbores, plantas, animais, topónimos... Non nos move un afán conservacionista, senón que queremos dotar de futuro eses nomes, eses espazos, queremos construír novas lendas, novas maneiras de mirar Galicia, de sentila como parte da nosa identidade.

A nosa proposta quere organizar unha actividade extraescolar e voluntaria que, nun ambiente galeguizado, conxugue a aprendizaxe do próximo, dende o material ao inmaterial, co respecto polo patrimonio cultural, natural e lingüístico de Galicia. Pretendemos organizar un obradoiro multidisciplinar que levaría por título “Coñece o teu contorno” e que funcionaría fóra do horario escolar. O carácter voluntario parécenos fundamental, porque garante un compromiso individual, a participación e a implicación en función dos intereses persoais.

Este proxecto nace tamén da reflexión sobre o alumnado inmigrante que temos no centro. Unha porcentaxe importante da poboación da vila barquense procede de países latinoamericanos que se instalan aquí para traballar no sector da lousa. Este alumnado descoñece a realidade máis próxima, os elementos culturais diferenciais, os nomes das cousas e da realidade natural. Teñen, ademais, escasos espazos normalizados dos que participar, fóra das clases que se imparten en galego.

2. O proxecto

O proxecto que presentamos pretende consolidar no centro un obradoiro multidisciplinar que teña por obxectivo central a posta en valor do patrimonio lingüístico-cultural e natural da comarca valdeorresa en primeiro lugar, para despois, na medida en que o proxecto avance, estendelo ao conxunto de Galicia. É un proxecto para desenvolver en sucesivos anos lectivos que queremos botar a andar no vindeiro curso 2007-2008, de aí que as actividades que presentamos só se centren neste último, pero tendo como horizonte a súa continuidade e o seu perfeccionamento no tempo.

Este obradoiro, “Coñece o teu contorno”, presentaríase como unha actividade extraescolar ofertada polo centro, tería pois carácter voluntario e sería gratuíta. Procúrase consolidar un grupo, integrado polas profesoras e profesores do proxecto e polo alumnado interesado, que prepare unha serie de saídas pedagóxicas a lugares de interese para neles desenvolver un conxunto de actividades das que máis tarde falaremos.

Trátase de construír un espazo normalizado en galego de carácter lúdico, un espazo que ofrezca unha nova maneira de entender o tempo libre e de lecer do alumnado. Pretendemos que a lingua galega sexa o vehículo habitual de comunicación e, en calquera caso, o de expresión pública do grupo. Como se explica no punto tres, o castelán é a lingua habitual de relación do alumnado no centro, no cal ademais existe unha parte significativa de persoas procedentes doutros ámbitos culturais, sobre todo de América Latina.

Queremos igualmente que este obradoiro sexa un espazo de reflexión sobre a lingua e a natureza e da súa importancia na configuración da identidade individual e colectiva, de cara á interiorización de valores de respecto, solidariedade e cooperación. Trátase de potenciar, en definitiva, a autoafirmación, a autoestima, a través de actividades realizadas solidariamente en contacto co medio físico e natural, dende unha perspectiva crítico-emancipadora que leve á reflexión e á toma de postura ante os perigos que ameazan o noso planeta, as culturas e linguas minorizadas, o patrimonio cultural, a natureza...

O carácter voluntario parécenos fundamental, non buscamos un grupo elitista, senón un grupo dinámico e dinamizador cuxas actividades lle poidan servir ao conxunto da comunidade educativa e ser despois utilizadas por esta. Unha actividade que implica saídas e a preparación destas dende distintas abordaxes non pode realizarse nas clases ordinarias, por falta de tempo e porque implicaría unha reestruturación dos programas oficiais e un traballo moito máis complexo para a súa posta en funcionamento. Ademais, o profesorado que integra este proxecto desenvolve o seu labor docente en diversos niveis e etapas educativas (ESO, bacharelato, ciclos formativos de grao medio e superior, EPA), de aí que consideremos que o formato extraescolar é, en principio, o máis axeitado e o que mellor resolve esta diversidade.

3. Situación sociolingüística do centro

O IES Lauro Olmo, situado na vila do Barco de Valdeorras, é un centro grande, que concentra diversas modalidades de ensino, tanto obrigatorio como postobrigatorio e, polo tanto, ofrece unha realidade social diversa e complexa. Temos, ademais dos cursos da ESO, bacharelatos, cinco ciclos de grao medio: mecánica, perruquería, enfermería, electricidade e administración de empresas, así como un ciclo de grao superior de economía, unha EPA e, dende o curso pasado, unha delegación da escola oficial de idiomas.

O Barco de Valdeorras é unha vila que vive, fundamentalmente, da industria da lousa, dos servizos e, en menor medida, de actividades agrícolas como a produción vitivinícola. A industria da lousa e as actividades con ela asociadas teñen trasladado ao Barco poboación de diversas procedencias; isto é, ademais de persoas galegas, encontramos moitas familias da veciña Castela e León, así como unha cada vez maior poboación inmigrante que se instala na vila e que traballa nela. Alén das persoas procedentes de Portugal que levan moito tempo xa na comarca de Valdeorras con fillos xa nados aquí, nos últimos tempos incrementouse a poboación procedente de países de América Latina: República Dominicana, Colombia, Arxentina, Ecuador, Brasil, mais tamén tivemos alumnado procedente da Ucraína ou do Paquistán.

Case a totalidade do alumnado inmigrante non encontra problemas á hora de se integrar no centro, grazas ao dominio do castelán, aínda que ás veces comprenden mal ou teñen dificultades, sobre todo ao inicio, para seguir as aulas que se imparten en galego. Isto provoca que, en ocasións,

a súa reacción inicial sexa a dun certo rexeitamento cara á lingua galega, o que resulta lóxico nun proceso de adaptación a unha realidade cultural afastada da que proceden e polo descoñecemento xeneralizado que teñen de que en Galicia existen dúas linguas. Este é un terreo delicado que, na nosa opinión, ten que ser tratado con medidas que lle axuden a este alumnado a valorar a pluralidade lingüística como algo enriquecedor e non como un obstáculo engadido ao xa difícil proceso de adaptación que están a vivir e cunha idade certamente complexa. Traballar para promover o respecto e unha valoración positiva da lingua galega entre este grupo é un dos intereses fundamentais deste proxecto. Temos que conseguir que consideren un valor para o seu futuro o coñecemento da lingua e da cultura galegas que non as sintan como unha imposición curricular que, ademais, non lles serve como outras linguas, como o inglés ou o francés.

A maior parte do noso alumnado emprega como lingua de relación entre iguais o castelán pero, se despois analizamos o seu comportamento lingüístico coa familia ou cos veciños, a situación muda, xa que a porcentaxe de uso do galego aumenta, principalmente entre os que proceden de núcleos rurais. Existe un prexuízo xeneralizado que afirma que no Barco non se fala galego, identificándoo coa vila, afirmación tamén fóra da realidade porque o que se observa no concello é un uso privado e familiar da lingua que non se usa, de entrada, nos usos máis públicos, que tamén varían, por exemplo, se o interlocutor mantén o galego. En definitiva, unha situación diglósica que é común ao territorio galego que afecta máis aos novos, que teñen, con todo, unha actitude positiva cara á lingua galega e están dispostos a

facen cousas empregando o galego, pero non a usalo habitualmente. O que opera por detrás deste comportamento son os prexuízos lingüísticos (non é útil, soa peor que o castelán, non serve para ir estudar fóra, ninguén o fala xa, non hai nada en galego de interese...) e a falta de espazos, fóra do instituto, nos que a lingua galega sexa habitual, por non falarmos das eivas para que gocen cunha certa normalidade das súas afeccións: música, videoxogos, cinema, etc. en galego.

No Barco dáse outra circunstancia que axuda a que o castelán sexa o idioma de referencia que ten que ver coa súa situación xeográfica, situado nunha zona fronteiriza, o núcleo urbano de maior envergadura que se encontra máis próximo é Ponferrada, que é o espazo privilexiado e simbolicamente prestixiado para as compras, o lecer, as saídas; en definitiva, a diversión, tan importante para os adolescentes.

No que se refire ao sector do profesorado e debido á proximidade con Castela e León, varios profesores proceden desta comunidade e teñen a súa praza en Galicia. En xeral, senten dificultades para escribir en galego, dar en galego as clases, facer materiais en galego, etc.

En canto ao persoal non docente, a súa lingua de relación co alumnado e o público en xeral é o galego. Toda a documentación interna e externa realízase nesta lingua.

4. Obxectivos

Os obxectivos que aquí presentamos teñen un carácter xeral, isto significa que cada unha das actividades que se propoñan contarán con obxectivos máis concretos e específicos que se irán deseñando en función das escollas e dos intereses do grupo.

- Crear no centro un espazo de relación e traballo normalizado.
- Fomentar o respecto pola pluralidade cultural e lingüística.
- Fomentar o respecto pola conservación da natureza e o medio.
- Coñecer e recoñecer a flora e a fauna da comarca valdeorresa.
- Coñecer os topónimos e microtopónimos, así como a súa orixe.
- Coñecer o patrimonio cultural e artístico da comarca valdeorresa.
- Coñecer a historia e a intrahistoria da comarca valdeorresa a través das súas xentes.
- Participar e organizar festas relacionadas cos ciclos da natureza: magosto, Entroido, maios, San Xoán.
- Fomentar unha cultura de consumo responsable.
- Fomentar a reciclaxe.
- Fomentar valores de convivencia, paz e solidariedade.
- Fomentar unha cultura ecolóxica.

5. Desenvolvemento do proxecto e metodoloxía

Por se formular como unha actividade extraescolar, cremos que a metodoloxía que se ha aplicar debe ter como criterios o fomento da **autoaprendizaxe**, o **carácter lúdico** das actividades propostas e a **flexibilidade** para poder reorientar aquelas cousas ou propostas que non funcionen. Non se trata de dar contidos dunha maneira academicista, ben polo contrario o que se procura é o traballo cooperativo e en grupo, no que cada persoa poña ao servizo dos demais os seus coñecementos, aquelas cousas que sabe facer mellor.

Tres son os eixes fundamentais de “Coñece o teu contorno”: o primeiro son as **saídas**: rutas, visitas culturais, breves saídas de campo...; o segundo a **preparación desas saídas** a través de obradoiros específicos e o terceiro a **organización de actividades** para o resto da comunidade educativa.

As **saídas** realizaranse, cando menos, unha vez por trimestre, durante varias horas da tarde. No último trimestre, xa concluída a avaliación, propoñemos unha excursión de varios días ao Courel, na que se poida experimentar con todo o aprendido durante o curso.

Os **obradoiros** serán variados e terán, entre os seus obxectivos, a preparación das saídas, procuraremos celebralos naquelas épocas nas que o tempo impida poder realizar saídas.

As **actividades** organizadas para a comunidade educativa terán como obxectivo dar a coñecer parte do traballo realizado polo grupo.

“Coñece o teu contorno” pretende reunirse unha tarde cada quince días arredor de dúas horas para preparar as actividades e realizar as saídas. As saídas terán unha duración non maior de catro horas, salvo a excursión final. Nestas sesións o profesorado responsable presentará os obxectivos e as actividades para realizar ao grupo.

Así, previamente á saída investigarase sobre a zona a coñecer dende distintos puntos de vista, de cara á elaboración dun **caderno de saída** para cada alumno/a. Este caderno terá unha parte común, na que se recollan os aspectos máis interesantes para observar durante a saída e outra máis persoal que cada persoa completará, se así o desexa, con impresións persoais, deseños, fotografías...

Durante a saída, iranse anotando no caderno aqueles aspectos sobre os que se asenta a saída e as impresións persoais. Levarase sempre unha cámara de fotos, outra de vídeo e unha gravadora, de cara a recoller materiais que sirvan para elaborar presentacións, boletíns e mesmo un pequeno documental.

Despois da saída, elaborarase unha **exposición** co material recompilado para que lle sirva ao conxunto da comunidade educativa.

Os **obradoiros** que aquí propoñemos son parte dos que servirán para preparar as saídas ou traballar os obxectivos que nos propoñemos.

- Obradoiro de interpretación de mapas e orientación.
- Obradoiro de coñecemento da flora e fauna da comarca (implica saídas de campo).
- Obradoiro de creación arredor dos topónimos e lendas da comarca.
- Obradoiro de papel reciclado.
- Obradoiro de creación de xoguetes e obxectos con material de refugallo.
- Obradoiro de xogos tradicionais.

6. Actividades

Como se ve no cadro que vén a seguir, dividimos en catro tempos as saídas, obradoiros e actividades para o próximo curso. Estas actividades están suxeitas a mudanzas en función do seu aproveitamento ou do interese que esperten. O proxecto que presentamos non ten carácter finalista, só orientativo e, dependerá, polo tanto, do nivel de participación e satisfacción que se consiga, podendo verse mellorado coas achegas e ideas que vaian xurdindo.

TEMPO DE OUTONO	TEMPO DE INVERNO	TEMPO DE PRIMAVERA	TEMPO DE VERÁN
<p>Actividades previas á saída:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obradoiro de interpretación de mapas e orientación. • Obradoiro de coñecemento da flora e fauna da comarca (implica saídas de campo). • Obradoiro: as palabras da vide. • Obradoiro de creación arredor dos topónimos e lendas da comarca. <p>Saídas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Contorno do mosteiro de Xagoaza. • Visita a unha adega e a unha cova. <p>Actividades para a comunidade educativa</p> <ul style="list-style-type: none"> • Celebración dun magosto na área recreativa do Salgueiral. • Exposición do material traballado. 	<p>Actividades previas á saída:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obradoiro de interpretación de mapas e orientación. • Obradoiro de coñecemento da flora e fauna da comarca (implica saídas de campo). • Obradoiro de creación arredor dos topónimos e lendas da comarca. • Obradoiro de papel reciclado. • Obradoiro de creación de xoguetes e obxectos con material de refugallo. <p>Saídas:</p> <p>Ás aldeas de Fervenza e Vilanov.</p> <p>Actividades para a comunidade educativa</p> <ul style="list-style-type: none"> • Celebración do Entroido, participación no desfile organizado polo concello. • Exposición do material traballado. 	<p>Actividades previas á saída:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obradoiro de interpretación de mapas e orientación. • Obradoiro de coñecemento da flora e fauna da comarca (implica saídas de campo). • Obradoiro de creación arredor dos topónimos e lendas da comarca. • Obradoiro de xogos tradicionais. <p>Saídas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Área recreativa do Salgueiral, elaboración de paneis de catalogación das árbores, en colaboración co Concello do Barco. <p>Actividades para a comunidade educativa</p> <ul style="list-style-type: none"> • Xogos Tradicionais. • Exposición do material traballado. 	<p>Acampada e roteiros no Courel. Excursión de convivencia de dous ou tres días.</p>

7. Utilización de recursos existentes no centro

Para a posta en funcionamento do proxecto, contamos coa colaboración do equipo directivo que dispoñibilizará os recursos existentes no centro.

Utilizaremos:

- A biblioteca: para realizar pescudas.
- A aula de informática: para realizar pescudas na rede, editar un boletín e imprimir documentos...
- O laboratorio de Bioloxía.
- Unha aula para os obradoiros.
- Cámaras de fotos e de vídeo.
- A páxina web para pendurar as actividades do grupo.
- Un taboleiro para pendurar exposicións e avisos.
- O canón de vídeo para proxectar presentacións.

8. Colaboración con institucións do contorno

O noso obxectivo é colaborar con diversas institucións e asociacións do contorno para participar naqueles proxectos relacionados cos nosos obxectivos.

En primeiro lugar, co **Concello** do Barco de Valdeorras, concretamente coas **concellerías de Medio Ambiente e Cultura**, así como co **Servizo de Normalización**. Antes da presentación do proxecto, ensinámoslle algunhas actividades ao Concello, como a catalogación das árbores da área recreativa do Salgueiral para que eles cofinanciasen os paneis, recibindo unha resposta positiva. Co Servizo de Normalización estableceremos canles de información, colaboración e difusión do proxecto.

Traballaremos, igualmente, coa **ONG Sildoura**, centrada en labores de cooperación exterior e que rexenta unha tenda de comercio xusto no Barco de Valdeorras. Faremos unha exposición dos seus produtos no centro e divulgaremos as súas actividades.

Tentaremos promover, en colaboración co **Cineclub Groucho Marx**, en función das nosas posibilidades económicas, un ciclo de documentais sobre a historia de Galicia ou problemas relacionados co medio feitos en galego.

9. Plan de avaliación

A avaliación do desenvolvemento do proxecto que presentamos terá diversas fases. Na primeira, analizaremos o nivel de aceptación da actividade e a cantidade de alumnado que se apunta a esta, tentando animar, no caso dunha recepción escasa por parte dos mozos e as mozas procedentes doutros países, a súa participación.

Nunha segunda fase, iremos avaliando a implicación e o desenvolvemento das actividades propostas, eliminando ou reorientando aquelas que non funcionan e aceptando novas propostas que poidan xurdir. Alén do interese, debemos sempre ter presente se os materiais que utilizamos son os axeitados, como se crean as dinámicas de grupo, en que medida se conseguen os obxectivos propostos, a repercusión das actividades na vida do centro, os apoios recibidos, as dificultades que poidan darse para realizar os obradoiros propostos, etc. Igualmente, prestaremos atención ao comportamento lingüístico, analizando se se producen mudanzas, se o galego se converte na lingua de relación entre os membros do grupo, se se producen actitudes a favor ou en contra do uso da lingua, traballando sempre dende o respecto e coa consciencia de que os comportamentos lingüísticos son difíciles de mudar e que, en todo caso, o obxectivo, en principio, é que se comprenda que en galego se pode facer calquera cousa e que se perdan prexuízos.

A última fase realizarase no final do curso e nela reflexionarase sobre o grao de consecución dos obxectivos propostos, o desenvolvemento das actividades, a implicación dos membros do grupo, o nivel de satisfacción individual e colectivo, os resultados obtidos, a repercusión na vida escolar, etc.

Para todo isto, celebraremos reunións de avaliación do proxecto entre todos os membros do grupo, xuntanzas só do profesorado implicado e tamén realizaremos unha enquisa para que todas as persoas poidan expresar a súa opinión, críticas e suxestións. Igualmente, pensamos recoller opinións do resto da comunidade educativa (equipo directivo, Claustro, Consello Escolar), incluídas as familias da súa visión de “Coñece o teu contorno”.

10. Necesidades de formación do profesorado

Para o desenvolvemento do proxecto, cremos que seremos capaces de, utilizando diversas fontes bibliográficas e un pouco de vontade e imaxinación, levar a cabo os obradoiros que propoñemos; non obstante, non descartamos unha axuda formativa nalgún destes aspectos:

- Adquisición de bibliografía.
- Elaboración de obxectos con material de refugallo e reciclaxe de papel.
- Curso de pequenas montaxes audiovisuais.
- Como estudar a toponimia e a microtoponimia.
- Criterios para realizar entrevistas.

11. Medidas para a difusión do proxecto

As medidas para publicitar “Coñece o teu contorno” deben orientarse ao conxunto da comunidade educativa. En primeiro lugar, teremos que facer unha campaña de “lanzamento” e presentación, para dar a coñecer a actividade e os seus obxectivos. Dous serán os centros de atención: por un lado o alumnado, cunha chamada a través de carteis e reunións previas e, por outro, as familias ás que nos dirixiremos de maneira individual cunha carta que dea a coñecer a proposta e conseguir, así, a súa implicación.

Unha vez constituído o grupo principal, este sempre publicitará as súas saídas anticipadamente, por se queren unirse a estas outras persoas

que, por diferentes motivos, non poidan participar con asiduidade na actividade extraescolar. Tras as visitas, o grupo realizará unha exposición dos materiais recollidos e pendurará na web do centro, cando esta estea en funcionamento, fotografías, gravacións, vídeos das actividades. Non descartamos, igualmente, crear un espazo na web onde o grupo dea información do traballo que está a desenvolver.

Igualmente, convidaremos as familias e demais membros da comunidade educativa e os outros centros da vila a visitar as exposicións ou a participar das saídas ou dos obradoiros que se propoñan ao instituto: xogos tradicionais, magosto, comparsa do Entroido, etc.

Na rotulación e clasificación das árbores da área recreativa do Salgueiral, pediremos que se faga referencia a que foi un traballo realizado polo alumnado do IES Laura Olmo.

Outra medida de difusión que se nos ocorre é enviar notas de prensa ou pequenos resumos das nosas actividades ás delegacións que os medios de comunicación escritos teñen na vila: *La Voz de Galicia*, *La Región*, etc., así como ao xornal comarcal *O Sil*, de cara a unha maior difusión das actividades do grupo.

MEMBROS DO PROFESORADO

Os profesores e profesoras que se implican no desenvolvemento do proxecto son os que se citan a seguir. Na instancia non aparece Anxos Salgado, xefa do Departamento de Lingua Galega, por se encontrar fóra e por ser imposible obter os seus datos persoais, mais participou nas xuntanzas previas á redacción deste proxecto. O noso centro conta cunha porcentaxe significativa de profesorado interino, o que implica que, case con seguridade, máis persoas se unirán ao proxecto ao comezo do curso.

Os membros son os seguintes:

- **Jose Ángel Ansín Agís**, xefe do Departamento de Bioloxía.
- **Xesús Xosé Fernández Iglesias**, profesor de Economía e Administración de Empresas.
- **Carmen Fernández Valdivieso**, xefa de Departamento de Lingua Inglesa.
- **M.^a Flor Monteiro de la Fuente**, profesora de Administración de Empresas.
- **Julio Parada Yáñez**, xefe do Departamento de Latín e Grego.
- **Rubén Pardo Lesta**, xefe do Departamento de Lingua Castelá.
- **María Xesús Rodríguez Fernández**, coordinadora do Equipo de Normalización Lingüística.
- **Pilar Rodríguez Pérez**, xefa do Departamento de Matemáticas.
- **Anxos Salgado**, xefa do Departamento de Lingua Galega.

ÍNDICE

	Páxina
Introdución	1
O proxecto	3
Situación sociolingüística do centro	5
Obxectivos	8
Desenvolvemento do proxecto e metodoloxía	9
Actividades	11
Utilización de recursos existentes no centro	13
Colaboración con institucións do contorno	13
Plan de avaliación	14
Necesidades de formación do profesorado	15
Medidas para a difusión do proxecto	16
Membros do profesorado	18